# Autorretratate



## Obradoiro de caricatura

# Autorretrátate

Segundo o dicionario, o autorretrato é o debuxo que unha persoa realiza de si mesma. E no Museo das Mariñas interésanos mesturar esta técnica ca da caricatura, que é o retrato dunha persoa na que se esaxeran ou deforman certos trazos.

En Betanzos tivemos un caricaturista de excepción, Manuel Crestar, un artista ao que perdimos o rastro ao remate da Guerra Civil. El soñaba con expoñer os seus debuxos en París e o último que soubemos da súa figura foi que estaba atrapado nun campo de concentración francés.



Antes de marchar deixou publicadas numerosas caricaturas de persoeiros e amigos en diferentes xornais da época. E nós, no Museo das Mariñas, conservamos unha caricatura que se fixo a el mesmo mentres cumpría co servizo militar.

E ti, serás capaz de facer unha caricatura de ti mesmo? Lembra que na caricatura hai que esaxerar as facciόns, agrandar os xestos ou recrearse nas vestimentas e no carácter de cadaquen.

## Obradoiro de caricatura

# Autorretratate__Obradoiro de caricatura

Nome e apelidos_

Data de nacemento_